

## **A andaina en prol da recuperación da memoria histórica dende Nova Escola Galega e a *Revista Galega de Educación*. Unha aproximación aos últimos dez anos de traballo**

**Uxía Bolaño Amigo**

**Universidade de Santiago de Compostela, Nova Escola Galega**

[mariaeugenia.bolano@usc.es](mailto:mariaeugenia.bolano@usc.es)

**Santiago Quiroga García**

**Nova Escola Galega**

[squiroga@edu.xunta.gal](mailto:squiroga@edu.xunta.gal)

A recuperación da “memoria histórica”, entendida aquí como a construción e reconstrución a partir da indagación histórica e da reflexión sobre o noso pasado máis recente, comporta procesos comprometidos tanto co pasado como co presente, ao recuperar voces e pegadas invisibilizadas, ocultadas ou ignoradas no devir do tempo. É precisamente da toma de conciencia desta amnesia normalizada, que emerxe a necesidade de actuar coa correspondente responsabilidade, tamén desde o plano pedagóxico social.

Son varios e de diversa índole os proxectos que ao longo do territorio galego se veñen desenvolvendo na loita contra a desmemoria e a aceptación sumisa de discursos sen mediación da análise histórica, mais en chave pedagóxico-social destaca, xunto ao labor desenvolvido pola revista *Murguía*, o labor educativo realizado desde o Movemento de Renovación Pedagóxica (MRP) Nova Escola Galega e desde a *Revista Galega de Educación*. Nos seus pasos existe un firme compromiso e esforzo por alentar o reto educativo que implica a recuperación da memoria histórica, contribuíndo a alicerzar, deste modo, os valores para construír unha cidadanía democrática, reflexiva, responsábel, comprometida e solidaria na defensa da liberdade e da xustiza de todas as persoas. Nunha andaina que se remonta ao ano 1983, cando o MRP galego iniciaba o intenso percurso que actualmente se achega ao horizonte dos corenta anos, a preocupación por reconstruír a “memoria confiscada” foi unha constante, en particular mediante as achegas realizadas por distintos asociados, ao que co tempo se viría incorporar unha dimensión colectiva.

Neste traballo efectuamos unha achega que focaliza o seu obxecto de estudo, en particular, nos últimos dez anos de compromiso de Nova Escola Galega e da *Revista Galega de Educación* en prol da recuperación da memoria histórica, pois é precisamente no ano 2010 cando se celebra o I Seminario sobre a Memoria Histórica e, no 2020, cando a *Revista Galega de Educación* publica o número 76, *Memoria para o presente*, co Monográfico centrado nos desafíos para a memoria histórica no panorama educativo actual.

Partindo destes preceptos, os obxectivos que pretendemos aquí son: coñecer e afondar nas diversas iniciativas ligadas á recuperación da memoria histórica proxectadas entre os anos 2010 e 2020 por parte de Nova Escola Galega e da *Revista Galega de Educación*; indagar nas mudanzas e continuidades que puideron darse ao longo dos dez anos contemplados para a nosa análise no tratamento desta cuestión; e, aínda, contribuír a visibilizar o traballo que nesta liña se ven proxectando desde a renovación pedagóxica galega.